




CINE



IES A PONTEPEDRIÑA


R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR


BOLETÍN DA BIBLIOTECA

ESPECIAL NADAL 2013



*Agasalla
libros polo
Nadal*

1º e 2º da ESO




Astérix e os Pictos.

Chega o novo álbum da colección clásica de Astérix cos personaxes de sempre e moitos novos: varios clans enteiros, de feito! Desta volta, Astérix e Obélix viaxan a Caledonia, a Escocia romana.

O Castañeiro de Abril. Antonio Fraga.

Buto, conta a historia do seu amigo Baltasar, un rapaz de once anos, cego de nacemento, que vive coas súas tías, Olegaria e Berenguela, dúas xemelgas moi antipáticas e un pouco malvadas. Acompañado do seu can, Barriga Branca, vende na praza dos Zoqueiros soldadiños e bailarinas de madeira, labradas coa súa navalla, coa intención de xuntar cartos para reunirse co seu pai. A aparición na praza do Castañeiro de Abril provocará un xiro na súa vida.





Endogamia 0.2. Ramón Caride. Manuel Busto.

Como xa fixera en Exogamia 0.3, Ramón Caride reúne relatos, non estritamente literarios, sobre problemas decisivos para a humanidade ante os que ningún pode quedar alleo: a violencia sobre as mulleres, a enerxía nuclear, a doenza do Alzheimer e a investigación médico-farmacéutica.

3º e 4º da ESO

Ámote Leo A. Rosa Aneiros.

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa. A encrucillada é difícil e as dúbidas afógana, pero a ansia por coñecer mundo pode máis que todos os medos. Por fin, unha mañá de xaneiro fai oídos xordos ás advertencias familiares e toma un avión con destino ao sur. Estará fóra exactamente seis meses, nin día máis nin día menos.




Caderno do Nilo. Cesáreo Sánchez Iglesias.

O poemario adéntrase na historia da humanidade, nacida do río, a través dunha viaxe sen meta que é unha viaxe ao tempo, a constatación de como se habitou a natureza nun deserto abafado de luz. Este periplo poético conduce ao centro da soidade, transida pola beleza, e constitúese nun itinerario transformador, que estimula no poeta a interrogación e procura «buscar algo que amar. Facer da viaxe morada».

Vento e chuva. Mitoloxía da Antiga Gallaecia. Manuel Gago, Manuel Cráneo.

Nun territorio extenso, misterioso e brutal no que aínda hoxe vivimos, os deuses conviviron cos homes, beberon da súa cervexa, participaron das súas batallas, exiliáronse nos seus montes. Nas vellas aldeas, na noite dos castros, hai máis de dous mil anos, alí onde hoxe vemos mudas ruínas circulares e murallas derrubadas, contáronse historias fermosas transmitidas de xeración en xeración. Historias de deuses; historias nas que non existen fronteiras entre o real e o fantástico.



1º e 2º de BAC

Faneca Brava. Manuel Portas.

A da prima Concha é, sen dúbida, unha historia singular. Homes singulares na vida hai moitos. No caso das mulleres o recoñecemento é para moi poucas. A familia Pereira, o clan de Concha, alicerzaba a súa identidade na gran mentira da aparencia. Só Fernando foi quen de buscar a verdade da súa curmá, a "ovella negra" dunha familia que a fixo desaparecer da súa existencia.



A memoria da choiva. Pedro Feijoo.

Cando Xosé Carneiro, coñecido psicanalista e polémico colaborador televisivo, aparece co peito aberto no seu piso da compostelá rúa República do Salvador, son dúas as cousas que chaman a atención do xornalista Aquiles Vega e da profesora Sofía Deneb. A primeira é a brutalidade con que o crime foi levado a cabo. A segunda, ese detalle que non encaixa na escena: unha peza de ferro chantada no corazón.

Ardalén. Miguelanxo Prado.

Somos o que lembramos. Mais a memoria non é un rexistro obxectivo e inalterable. Sabela intenta reconstruír unha parte da súa historia a través das lembranzas de Fidel. Mais hai outros fíos que se van enleando nese proceso de recuperación, outras persoas, outras memorias. Premio Nacional de Cómic, Miguelanxo Prado ofrécenos a súa obra máis extensa e ambiciosa ata o de agora.

